

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 11 DE XULLO DE 2008.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e oito minutos do día once de xullo do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo e Dna. M^a Anxos Díaz Prados. Non asiste, con escusa, Dna. Carolina Cruz Fernández. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 03.07.2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 03.07.2008.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- **Dna. MARÍA FERNANDA MAROTO LOURIDO (EXPTE. 18/2008) segundo solicitude de data 21 de xaneiro de 2008**, para obras menores, en R/ Real nº 1, referencia catastral: 0225801NJ6102N. De acordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 19.06.2008, obrante no expediente.

O edificio atópase fóra de ordenación por criterios estéticos, de acordo ao artigo 203 do vixente PXOM.

Segundo o artigo 49.1 do P.X.O.M. autorízanse as obras consistentes en colocación de baixantes e canalóns, decapado da fachada á Avda. de Galicia, demolición de plaqueta en fachada na R/ Real, pintura ao silicato na Avda. de Galicia e R/ Real e rascado e pintado de 6

balcóns de ferro forxado.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Deberá de ter en conta o criterio de composición das fachadas de acordo ao artigo 203 do PXOM:

“As fachadas exteriores, segundo criterios aprobados polo Concello, terán na súa composición as seguintes características tradicionais:

- *Contarán con ocos de eixo vertical dominante que formarán balcóns ou galerías; as varandas serán de balaústre ou ferraxería análogos ás do seu contorno.*
- *A cuberta regularase nas condicións establecidas no art. 84. Resolverase a base dos materiais tradicionais da zona (tella curva árabe), terá un saliente máximo no aleiro non superior a 30 cm. sobre o voo máximo permitido segundo o ancho da rúa e a súa pendente non superará en ningún caso os 30 grados sexagesimais, sen exceder en ningún caso dos 3,60 m. de altura máxima de cumio. Prohíbense os petos en fachadas.*
- *Permítense os aproveitamentos baixo cuberta para uso residencial vinculado a vivendas da planta inferior, dentro do sólido definido no apartado anterior.*
- *A construción de sotos ou semisotos, e a das plantas baixas non residenciais, deberán tratarse con solucións de deseño e composición unitarias, harmónicas co resto do edificio.*
- *As fachadas, remataranse en pedra natural da zona, en sillares ou chapados, non ostentosos nin brillantes. Os rebocos terán textura rugosa e cor asimilable á zona. Non se permitirán carpinterías con brillos metálicos, sempre coas cores do seu contorno. Permítense carpinterías e balaústres de madeira.*
- *As fachadas posteriores e as medianeiras seguirán na súa composición e estética as mesmas consideracións.*

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses

Previo á instalación dos andamios deberá de presentar Estudio Básico de Seguridade e Saúde de montaxe e desmontaxe de andamios, que deberá de incluír:

- plano de situación a escala mínima 1/500 da ocupación en planta do andamio, onde aparecerá delimitada a vivenda e a zona pública de ocupación, así como os viais e beirarrúas.

- D. VICENTE SERRA SERRA (EXPTE. 243/2007) segundo solicitude de data 10 de decembro de 2007, para obras menores, en R/ María nº 47, referencia catastral: 0325402NJ6102N. Unha vez visto o escrito da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 19.06.2008, obrante no expediente, no que comunican que o proxecto non entra dentro do ámbito de aplicación da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia.

O edificio atópase fóra de ordenación por criterios estéticos, de acordo ao artigo 203 do vixente PXOM.

Segundo o artigo 49.1 do P.X.O.M. autorízanse as obras consistentes en decapado e pintura ao silicato con fibra de vidro.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Deberá de ter en conta o criterio de composición das fachadas de acordo ao artigo 203 do PXOM:

“As fachadas exteriores, segundo criterios aprobados polo Concello, terán na súa composición as seguintes características tradicionais:

- *Contarán con ocos de eixo vertical dominante que formarán balcóns ou galerías; as varandas serán de balaústre ou ferraxería análogos ás do seu contorno.*
- *A cuberta regularase nas condicións establecidas no art. 84. Resolverase a base dos materiais tradicionais da zona (tella curva árabe), terá un saliente máximo no aleiro non superior a 30 cm. sobre o voo máximo permitido segundo o ancho da rúa e a súa pendente non superará en ningún caso os 30 grados sexagesimais, sen exceder en ningún caso dos 3,60 m. de altura máxima de cumio. Prohíbense os petos en fachadas.*
- *Permítense os aproveitamentos baixo cuberta para uso residencial vinculado a vivendas da planta inferior, dentro do sólido definido no apartado anterior.*
- *A construción de sotos ou semisotos, e a das plantas baixas non residenciais, deberán tratarse con solucións de deseño e composición unitarias, harmónicas co resto do edificio.*
- *As fachadas, remataranse en pedra natural da zona, en sillares ou chapados, non ostentosos nin brillantes. Os rebocos terán textura rugosa e cor asimilable á zona. Non se permitirán carpinterías con brillos metálicos, sempre coas cores do seu contorno. Permítense carpinterías e balaústres de madeira.*
- *As fachadas posteriores e as medianeiras seguirán na súa composición e estética as mesmas consideracións.*

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

Previo á instalación dos andamios deberá de presentar Estudio Básico de Seguridade e Saúde de montaxe e desmontaxe de andamios, que deberá de incluír:

- plano de situación a escala mínima 1/500 da ocupación en planta do andamio, onde aparecerá delimitada a vivenda e a zona pública de ocupación, así como os viais e beirarrúas.

- D. XOSÉ MANUEL GARCÍA CARBALLEIRA (EXPTE. 212/2007) segundo solicitude de data 24 de outubro de 2007, para obras menores, en R/ San Telmo nº 16, referencia catastral: 0123904NJ6102S. Unha vez visto o escrito da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 19.06.2008, obrante no expediente, no que comunican que o proxecto non entra dentro do ámbito de aplicación da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia.

O edificio atópase fóra de ordenación por criterios estéticos, de acordo ao artigo 203 do vixente PXOM.

Segundo o artigo 49.1 do P.X.O.M. autorízanse as obras consistentes en colocación de baixantes e canalóns, decapado, pintura ao silicato, limpeza de pedra, reposición de dúas portas e unha contrafiestra de madeira.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Deberá de ter en conta o criterio de composición das fachadas de acordo ao artigo 203 do PXOM:

“As fachadas exteriores, segundo criterios aprobados polo Concello, terán na súa composición as seguintes características tradicionais:

- *Contarán con ocos de eixo vertical dominante que formarán balcóns ou galerías; as varandas serán de balaústre ou ferraxería análogos ás do seu contorno.*
- *A cuberta regularase nas condicións establecidas no art. 84. Resolverase a base dos materiais tradicionais da zona (tella curva árabe), terá un saliente máximo no aleiro non superior a 30 cm. sobre o voo máximo permitido segundo o ancho da rúa e a súa pendente non superará en ningún caso os 30 grados sexagesimais, sen exceder en ningún caso dos 3,60 m. de altura máxima de cumio. Prohíbense os petos en fachadas.*
- *Permítense os aproveitamentos baixo cuberta para uso residencial vinculado a vivendas da planta inferior, dentro do sólido definido no apartado anterior.*
- *A construción de sotos ou semisotos, e a das plantas baixas non residenciais, deberán tratarse con solucións de deseño e composición unitarias, harmónicas co resto do edificio.*
- *As fachadas, remataranse en pedra natural da zona, en sillares ou chapados, non ostentosos nin brillantes. Os rebocos terán textura rugosa e cor asimilable á zona. Non se permitirán carpinterías con brillos metálicos, sempre coas cores do seu contorno. Permítense carpinterías e balaústres de madeira.*
- *As fachadas posteriores e as medianeiras seguirán na súa composición e estética as mesmas consideracións.*

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

Previo á instalación dos andamios deberá de presentar Estudio Básico de Seguridade e Saúde de montaxe e desmontaxe de andamios, que deberá de incluír:

- plano de situación a escala mínima 1/500 da ocupación en planta do andamio, onde aparecerá delimitada a vivenda e a zona pública de ocupación, así como os viais e beirarrúas.

- Dna. M^a TERESA CARTELLE REBÓN en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE PETEIRO N° 30 (EXPTE. 36/2008) segundo solicitude de data 27 de febreiro de 2008, cambio de acometidas de auga ao edificio (con reposición de beirarrúa) e cambio de montantes, en R/ Peteiro n° 30, referencia catastral: 0025003NJ5192N.

A parcela está cualificada como Solo Urbano Denso (SU-D) polo P.X.O.M.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. ÁNGEL FILGUEIRAS CASTELEIRO en representación de Dna. CLAUDINA LÓPEZ PIÑEIRO (EXPTE. 52/2008) segundo solicitude de data 17 de marzo de 2008, para retellado e revestimento da fachada, R/ Barral n° 5, referencia catastral: 0326050NJ6102N.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano de Casco Antigo.

Por aplicación do artigo 203_criterios de composición da fachada, punto e)_acabados das fachadas, indícase que a cor do “cotegrán” (entendendo que se quere aplicar un morteiro monocapa) é “tella”, compatible co citado artigo: “os revocos terán texturas rugosas e cor

asimilable á zona”.

A reparación da cuberta non suporá incremento de volume nin obras de cambio de estrutura no edificio.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

- Dna. M^a RAQUEL PAZ GABÍN (EXPTE. 62/2008) segundo solicitude de data 27 de marzo de 2008, para cambio de pavimento, en R/ Mercado n^o 7, 2^o, referencia catastral: 0423008NJ6102S0015XF.

A parcela onde se sitúa a vivenda está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano Denso.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JOSÉ ÁNGEL FERNÁNDEZ BOUZA (EXPTE. 68/2008) segundo solicitude de data 4 de abril de 2008, para construción de adega, en As Lagoas n^o 36, referencia catastral: 0419007NJ6101N.

A adega sitúase na parcela cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano de Baixa Densidade.

Na parcela existe unha vivenda unifamiliar. A superficie da adega é de 15 m² (< 25 m²); esta computa edificabilidade, polo que na parcela a edificabilidade resultante será de aproximadamente 0,2 m²/m² (< 0,5 m²/m², a máxima permitida en SU-BD) e a superficie ocupada polas edificacións será de aproximadamente o 10 % (< 50 %, máxima permitida en SU-BD).

Ademais do anterior a adega terá unha altura máxima de 2 metros e non se acepta a previsión de usos habitables, polo que se prohibe a realización de servizos hixiénicos.

A nova construción situarase respectando a aliñación da vía e os recuamentos mínimos de 2 metros a lindeiros. A aliñación é a xa definida na licenza de construción da vivenda unifamiliar.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. ADELINA AUGUSTA RÍO (EXPTE. 102/2008) segundo solicitude de data 6 de maio de 2008, para picado e enfoscado de paredes, en Franza de Abaixo n^o 8, referencia catastral: 3100805NJ6131S.

Unha vez rematada a obra deberanse pintar as fachadas.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo de Núcleo Rural.

A Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (art. 104), indica que as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, co emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan, así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. CRISTINA PARADELA GARCÍA (EXPTE. 110/2008) segundo solicitude de data 14 de maio de 2008, para colocación de telladiño sobre unha porta, en A Seaña nº 1A, referencia catastral: 0916014NJ6101N.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano de Baixa Densidade.

Non suporá incremento de volume nin obras de cambio de estrutura na vivenda.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. MARÍA PLANA CASCO (EXPTE. 114/2008) segundo solicitude de data 16 de maio de 2008, para cambio de cuberta da vivenda unifamiliar con colocación de fibrocemento e tella, en R/ Barral nº 21, referencia catastral: 0425719NJ6102N.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano de Casco Antigo.

Prazo de inicio: 6 meses.

- D. MANUEL PANDELO DOPAZO (EXPTE. 118/2008) segundo solicitude de data 20 de maio de 2008, para cambio de pavimentos e reforma do baño, en R/ Xesteira nº 40, referencia catastral: 0423008NJ6102S.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo Urbano Semidenso.

A vivenda atópase fóra de ordenación pola aliñación que fixa o PXOM na rúa Xesteira.

A obra entra no marco das obras de conservación e mantemento admisibles en edificios fóra de ordenación segundo o artigo 49.1 do PXOM.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JUAN REGUEIRO REY (EXPTE. 134/2008) segundo solicitude de data 25 de xuño de 2008, para retellado da cuberta da casa, en O Galiñeiro nº 28, referencia catastral: 1918011NJ6111N.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo de Núcleo Rural.

Non suporá incremento de volume nin obras de cambio de estrutura na vivenda.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

B) PECHES

- Dna. FELICITAS PAZOS PAZOS (EXPTE. 46/2008) segundo solicitude de data 7 de marzo de 2008, para peche e reparación de adegua, en San Xoán de Piñeiro, referencia catastral: 4602401NJ6140S.

A parcela está cualificada polo P.X.O.M. como Solo de Núcleo Rural.

O peche ao camiño público está formado por un murete de formigón de aproximadamente 50 cm. e malla metálica con postes metálicos ata unha altura máxima de 1,50 m. medidos dende a rasante da vía. Ademais colocarse un portalón de entrada a serventío, que poderá acadar os 2 metros de altura (sen que sexa opaco máis de 1 metro).

O peche a camiño público situarase a 5 metros do muro que existe no lado oposto do

camiño, polo que non pode pechar en toda a lonxitude prevista, senón dende a adega cara ao leste da finca; o peche a serventío situarase a 2 metros do eixo. Debe solicitar a aliñación ao Concello antes da súa execución.

A nova parede da adega tamén debe situarse en liña (a 5 metros do muro que existe no lado oposto do camiño), xa que a obra prevista excede das obras de conservación e mantemento admisibles en edificios fóra de ordenación (art. 49.1 do PXOM).

A reparación da adega consiste no tellado novo de uralita e tella e substitución dunha parede de bloque) da adega de 15 m² de superficie e 2 metros de altura, construída con licenza municipal en 1990.

A adega é unha construción fóra de ordenación por invadir o camiño público.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. JERÓNIMO AMADO GARABANA (EXPTE. 67/2008) segundo solicitude de data 3 de abril de 2008, para peche, San Vitorio nº 37, referencia catastral: 2812007NJ6121S.

O peche será de 42 metros de lonxitude, de bloque e reixa e unha altura total de 1,50 metros.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metros de altura e de reixa ata acadar os 1,50 metros de altura. (Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10.10.2007.

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

Distará do eixo da vía 3 metros, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

C) LICENZAS DE OBRAS MAIORES:

- OFIVAR CORUÑA S.L. (N.R.E. 2.475/09.05.2007), para construción de edificio de 9 vivendas, garaxes e trasteiros, en R/ Alexandre Bóveda s/n, referencia catastral: 0626005NJ6102N, de acordo co proxecto básico modificado e de execución asinado pola Arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, visado polo C.O.A.G. en data 28 de abril de 2008.

- Parcela mínima 207 m² (> 150 m²)

- Fachada mínima 27,65 m (> 6m)

- Altura: a máxima permitida: SS+B+3+Bc. Sen límite dimensional (m).

- Cuberta: cumpre o art. 84 modificado.

- Voo: 58% (> 60 %) da superficie de fachada e largura máxima 0,50 m.

- Ocupación: conforme ao plano de ordenación, o edificio pode ocupar a totalidade da parcela neta, xa que non chega a esgotar o fondo máximo de 16 m.

- Aliñacións: as definidas no plano de ordenación do PXOM e verificadas nas Actas de replanteo.

- Altura do semisoto: apréciase que a altura medida dende a cara inferior do forxado da planta baixa ata a rasante da beirarrúa é de 1,50 m. a máxima permitida no art. 83.

- Altura libre das plantas: mínima 2,50. Sen límite máximo.

En data 3 de abril de 2008 entrégase proxecto de telecomunicacións redactado por enxeñeiro técnico de telecomunicación D. Carlos Balsa Castro, de data outubro de 2007 e visado polo C.O.I.T.T. en data 09.10.2007.

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Elia Estraviz Prado e a arquitecta técnica directora da execución é Dna. Fuensanta Albo López.

Prazo de inicio: 6 meses, segundo a licenza concedida.

Prazo de execución: 24 meses, segundo a licenza concedida.

O interesado está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

D) SOLICITUDES DE PRÓRROGA.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da arquitecta asesora municipal en materia de urbanismo de data 19.06.2008, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda a concesión por un prazo de 3 meses da seguinte prórroga para o inicio das obras:

- **D. ELADIO FERREIRO MAURIZ en representación de Dna. JOSEFINA MAURIZ ABELLEIRA (N.R.E. 776/13.02.2008)**, para peche, en Franza, referencia catastral: 2811011NJ6121S, ao abeiro da licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 15.11.2007 (**Expte. 88/2007**).

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e quince minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE